



PLAN DIXITAL

CPI Uxío Novoneira

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1.Introdución

.1. 1.1 Datos básicos do centro

Denominación oficial	CPI Uxío Novoneira
Código do centro	27015967
Poboación	Pedrafita do Cebreiro (Lugo)
Enderezo	Estrada de Cervantes s/n
Código postal	27670
Teléfonos	982 870634 / 982 870633 / 608 831 015
Fax	982 870635
Correo electrónico	cpi.uxio.novoneira@edu.xunta.es
Páxina web	http://edu.xunta.es/centros/cpiuxionovoneira
CIF	Q-7755208-A

En tódalas unidades o ratio profesor/a-alumno/a é baixa, sendo 10 a maior na unidade de Primaria que comprende os cursos de 4º a 6º. Ata o curso escolar 2016-2017 non había actividades extraescolares, sendo o horario e o transporte os principais condicionantes desta situación; a reconstituición da ANPA no pasado curso facilitou que se iniciasen as actividades extraescolares de Informática para Educación Infantil e Primaria os venres en horario de 14:30 a 15:30 horas, durante o tempo de lecer do comedor, a actividade de Inglés con grupos por etapas, dende infantil ata ESO, ocupando o tempo de lecer do comedor ou no caso de ESO despois do comedor e da saída do transporte escolar os luns. Cabe mencionar que dende o curso 2019/2020 as actividades extraescolares están suspendidas polo Covid-19 e manteñense as restricións das mesmas e a aplicación do protocolo ó longo do vindeiro curso 2021/2022.

O cadro de profesorado está constituído por 15 profesores/as, aínda que pode haber variacións nalgún curso académico:

- Educación Infantil (1)
- Audición e Linguaxe (1)
- Educación Física para Primaria (1)
- Lingua Estranxeira - Inglés para Infantil e Primaria (1)
- Relixión en Primaria e Infantil (1); compartida con As Nogais e con Folgoso de Courel.
- Pedagogía Terapéutica (1)
- Ciencias Sociais (1)
- Lingua Galega e Literatura (1)
- Matemáticas (1)
- Tecnoloxía (1), que imparte tamén Educación Plástica e Visual, TICs e Música.
- Lingua Estranxeira- Inglés (1)
- Lingua Castelá (1), que imparte tamén a Lingua Estranxeira de Francés.
- Bioloxía e Xeoloxía/Física e Química (1)
- Educación Física (1)
- Orientación (1) compartida co CPI Poeta Uxío Novoneyra de Seone do Courel.

O alumnado pertence a tres etapas educativas diferentes, infantil, primaria e secundaria repartidas nas seguintes unidades:

- 2 unidades en Primaria (aínda que na práctica funcionan como 1 unidade de Infantil e 2 de Primaria).
- 4 unidades de ESO.

O número de alumnado nos últimos 5 anos oscila entre 35-40 alumnos/as, sendo na actualidade un total de 32.

O persoal non docente do centro está composto por: unha administrativa que comparte servizos co CPI Poeta Uxío Novoneyra de Folgoso do Courel, estando no noso centro tres días á semana; unha cociñeira contratada pola empresa de comedor e dúas coidadoras de comedor, así como dúas limpadoras contratadas polo concello de Pedrafita. Cabe mencionar a contratación por parte do Concello dunha persoa encargada da limpeza (Eva),

cumprindo co establecido na "normativa Covid". O centro conta dende o curso 2016-17 con ANPA legalmente constituída.

Os servizos complementarios cos que conta o colexio son: transporte escolar e comedor escolar. O primeiro está adxudicado a dúas empresas diferentes e a totalidade do alumnado é usuaria do mesmo. En todos os transportes, contamos coa figura do "acompañante escolar", a excepción dun, debido a que polo número de prazas, está considerado como "taxi" escolar; regulado no RD 433/2011, do 27 abril, sobre condicións de seguridade no transporte escolar e de menores.

O segundo (comedor), trátase dun comedor de tipo A con modalidade de xestión C, é dicir, contratación da elaboración de comidas nas dependencias do centro a cargo dunha empresa do sector hostaleiro. Este servizo ampárase no Decreto 132/2013, do 1 de agosto (DOG núm. 154, de 13 de agosto), na Orde do 21 de febreiro do 2007 e no Decreto 374/2009 do 6 de agosto, que regulan o funcionamento dos comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da consellería.

A maiores, cabe mencionar o persoal colaborador, que presta servizo de vixilancia, supoñendo dous coidadores contratados por Tourgalia (empresa adxudicataria do servizo); mantendo un contacto próximo co corpo docente e non docente do centro debido a que se trata de antigos alumnos/as ou familiares directos.

1.2 Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

Características socioeconómicas e culturais do centro.

O CPI Uxío Novoneira é un centro público que foi creado no ano 1988 como colexio público de EXB. No ano 1999 pasa a ser Centro Público Integrado (CPI). Está situado nunha zona de montaña a 60 km da capital de Lugo e recolle alumnos e alumnas de diferentes parroquias do concello, que acuden ao centro en transporte escolar. Aínda que hai alumnado, que estando dentro da zona de escolarización do centro, pertencen ao concello de As Nogais e nos últimos anos tamén se están escolarizando alumnos e alumnas dos concellos de León próximos.

A vila de Pedrafita atópase ben comunicada coa capital da provincia grazas á autovía. As parroquias de Pedrafita están comunicadas coa cabeza do concello por unha rede de estradas e camiños estreitos con grandes pendentes e curvas debidas á orografía do terreo que, xunto coa climatoloxía da zona (neves e xeadas durante varios meses) presentan, na maior parte do ano, verdadeiras dificultades para o tránsito.

As principais actividades económicas son a gandería e a agricultura, xunto á actividade turística, centrada no camiño de Santiago e no turismo rural.

O poder adquisitivo da maior parte da poboación é medio-baixo; o nivel cultural está marcado pola situación económica, social e cultural das familias (estudos primarios) e polo illamento no que se atopan as aldeas, con pouca facilidade de acceso a actividades culturais como cine, exposicións, acontecementos culturais e artísticos, etc. xa que teñen que desprazarse para iso.

Non existe biblioteca municipal e o concello conta cun só polideportivo, que utiliza o centro educativo en horario lectivo e o concello fóra deste. Hai unha piscina descuberta, polo que non pode ser utilizada máis aló do verán.

Existe unha asociación sociocultural "Xistra" que se encarga de organizar actividades culturais e de lecer: conferencias, cursiños de informática, de cociña, música, bailes populares, etc.

O concello conta cun pequeno centro de saúde, onde consultan pola mañá médicos de familia / xeneralistas e pola tarde hai un médico/a de garda e onde poden

acudir os alumnos/as se sofren algún accidente e dende xuño de 2021, cunha residencia de maiores.

Nos últimos anos o concello, afectando por conseguinte ao centro, registrou unha baixada da natalidade. Despois de anos sen ANPA, durante o curso 2016-17 volve a constituírse a ANPA do centro coa finalidade de aumentar a participación das familias na vida do centro e a oferta de actividades tanto complementarias como extraescolares do alumnado de cara a unha formación integral.

- Incardinación e contribución do PD ao PE. Relación con outros Plans e Proxectos do centro: traxectoria no ámbito das novas tecnoloxías, programas de innovación nos que participa.

A contribución do Plan Dixital ao Proxecto Educativo abrangue diferentes actuación e liñas d aprendizaxe que, evidentemente, supoñen unha mellora nas liñas educativas marcadas no noso centro educativo. Un dos obxectivos sobre os que se basea o noso eixe vertebrador en canto ao PE se refire, é conseguir unha mellora no manexo das novas tecnoloxías por parte do alumnado así que como acercar ás familias o uso das aplicacións propias da Consellería de Educación; así como realizar diversos talleres e charlas relacionados coas TIC (redes sociais, uso de app, dependencia do teléfono...). Polo tanto, podemos dicir que o Plan Dixital contribúe enormemente a reforzar esas actuación previstas no PE, indo de tarefas moi sinxelas como pode ser o manexo de softwares básicos por parte do alumnado como a utilización de programas máis específicos de programación.

Por outra banda, cabe destacar a gran relación que ten o PD cos Plans e Proxectos que se están levando a cabo no centro e que seguiremos a realizar nos vindeiros cursos. Así por exemplo a participación no Proxecto Plus "aprendo programando" supón unha relación directa e estreita coa dixitalización e mellora do centro neste apartado, e así co propio Plan Dixital contribuindo na utilización de programas e manexo de paquetes informáticos.

Outro programa que consideramos que se debe destacar é a participación no ErasmusPlus, a través da cal o alumnado e profesorado vese na necesidade de manexar plataformas específicas do programa como pode ser "etwinning". Ademais, a parte de ditas plataformas, supuxo para o alumnado unha familiarización coas novas tecnoloxías

debido á necesidade de realizar traballos online cos socios Europeos (Portugal e Italia), así como recorrer a vídeo chamadas e traballos interactivos grupais; polo que a través deste programa estamos contribuíndo enormemente ao Plan Dixital e á inversa, o PD contribúe e reforza estas necesidades de uso das tecnoloxías así como axuda moito a detectar necesidades no alumnado e profesorado en relación á dixitalización.

Edixgal; é evidente que a implantación no centro deste programa, de cara ao curso 2022/23 suporá un paso adiante na mellora de tódolos aspectos relacionados co mundo dixital, tanto en mellora dos equipos do centro, como en dotación, recursos, utilización de novos sistemas operativos, iniciación ao mundo dixital no caso de algúns nenos e nenas e afondamento noutros casos. Así como a necesidade de traballar cos libros electrónicos suporá unha necesidade de utilización e dominio por parte do alumnado e o profesorado.

Para rematar este apartado, imos facer mención ao Clube de Ciencias (programa de innovación no que estamos inmersos), e a través do cal se traballa con infinidade de recursos electrónicos (busca de información, elaboración de presentacións, traballos con aplicacións informáticas específicas, edición de vídeos, etc.)

- Contribución do PD á PXA do curso 22/23.

Por todo o mencionado anteriormente, a contribución do Plan Dixital á PXA do curso que ven supón como xa mencionamos antes, un paso adiante en dixitalización e utilización de novos recursos e novas tecnoloxías, sobre todo pola implantación de Edixgal. Supón que os obxectivos de cara ao vindeiro curso se elaboren pensando en manter esta liña de traballo de mellora no uso das novas tecnoloxías tanto polas familias, como polo profesorado e alumnado, así como tamén contribúe no senso de facer autoavaliacións nos aspectos aos que se fai mención no propio plan dixital, de cara a seguir mellorando e cumprindo cos obxectivos marcados no mesmo.

A contribución do PD á PXA abrangue dende a mellora de instalación e equipos ata incluso nas metodoloxías de traballo ao supor un cambio na forma de impartir as materias e de realizar as tarefas nos diferentes ámbitos e etapas do noso centro.

1.1. Breve xustificación do mesmo

En primeiro lugar, para xustificar o PD, cabe mencionar en primeira instancia a LOE 2/2006, de 3 de maio, de Educación, concretamente no seu artigo 111 de "Tecnoloxías da

Información e a Comunicación”, onde expón a necesidade de aplicar medidas de aproveitamento e mellora das ferramentas dixitais dos centros, así como a promoción do seu uso. Seguidamente, no artigo 121 (en relación co artigo anterior), fai mención á necesidade de recoller no proxecto educativo unha estratexia dixital do centro. Deste xeito, en relación ao mencionado, no artigo 132 de “Competencias do director/a”, faise mención á promoción da innovación educativa e impulsión de plans para a consecución dos fines do PE, como é a elaboración do presente Plan Dixital.

Por outra banda, para cumprir co establecido na disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e Bacharelato, no curso académico 2021-2022 onde expón explicitamente que os centros elaborarán no curso citado anteriormente o seu plan dixital de acordo coas instrucións que se diten.

Por último, cómpre facer mención á resolución precisa pola que se rexe este presente documento no referente á elaboración do documento, atendendo deste xeito á resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.

1.2. Proceso de elaboración

A grandes trazos, o proceso de elaboración do PD realizouse de maneira coordinada dende comezos do presente curso 2021-22, por parte do Equipo de Dinamización do PD, o cal está formado por un coordinador (xefe de estudos de primaria) e dous docentes máis (titora de primaria e director do centro). O coordinador é o coordinador TIC do centro, a maiores de titor en primaria e coordinador dos cursos de formación do profesorado, a titora é membro do Consello Escolar e coordinadora do programa e-dixgal. E por último, o director. De xeito moi breve, trataremos de expor a continuación os pasos do proceso de elaboración do PD:

- Traslado de información da necesidade de elaboración do PD en claustro a inicio de curso
- Creación dun grupo de whats app por parte do equipo de dinamización.

- Informar aos membros do claustro dos prazos e metodoloxía para cubrir as enquisas da autoavaliación do centro a través do test CDD.
- Recollida de datos por parte do equipo de Dinamización e análise dos mesmos.
- Asistencia por parte de tódolos membros do equipo ás xornadas de formación ADIX.
- Reparto de tarefas para a elaboración do Plan de Acción.
- Correccións no plan de acción tras analizar as propostas de modificación da coordinadora ADIX asinada ao noso centro.
- Distribución dos apartados do presente PD para enviar en prazo.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

Os datos de conectividade do centro son os seguintes:

Proveedor de internet: Entidad Pública Empresarial RED.es

- Descarga: 284 MB

- Subida: 168MB

- Ping: 39 ms

- Jitter: 1ms

A telefonía coa que conta o centro son extensións de telefonía IP da Rede Corporativa de Datos da Xunta de Galicia (RCDXG).

No que respecta á conectividade sen fíos do centro, temos a rede wifi edu.xunta.es, que están soportadas por 15 puntos de acceso (Escuelas conectadas), situados na planta Baixa, primeiro e segundo andar. No curso 22-23 comezaremos co programa EDIXGAL, o que suporá una mellora da infraestrutura.

As conexións cableadas do centro establécense mediante rosetas (tomas de parede) para conectar cable de par trenzado de cobre RJ-45.

No tocante ao equipamento é o seguinte:

Ubicación	Infraestutura	Conectividade	Estado de conservación
Secretaría	Ordenador clónico Phoenix Core i3, monitor de 15" Dell, impresora HP Deskjet 3520 e outra impresora Lexmark MX 410.	Conectividade á rede a través de cable RJ45.	Función de secretaría, en xeral boa, monitor antigo, con pouco tamaño, resolución e brillo.
Dirección	Monitor Asus PB 27B.	A través de cable RJ45 e wifi.	Adquirido no curso 21-22.
Xefatura de estudos	Ordenador clónico Core i3 e Monitor Asus PB 27B.	A través de cable RJ45 e wifi.	Equipo suficiente para tarefas básicas, monitor adquirido no curso 21-22.
Aula de Ed. Infantil	Ordenador de sobremesa HP Prodesk i5, monitor de 15" Dell, proxector	A través de cable RJ45 e wifi.	Salvo o monitor e a PDI, o restante equipamento foi

Ubicación	Infraestutura	Conectividad	Estado de conservación
	EB-X51 e PDI Promethean ActivBoard PDI (EXP 248036).		adquirido no curso 21-22.
Aula 1º2º3º Primaria	Ordenador portátil IBM L540 i5 (EXP 102/2015), proxector Epson EB-570 (XUGA 2015 EXP 102/2015 247417), PDI Multiclass Board (248036).	A través de cable RJ45 e wifi.	É necesario a actualización ou reparación da PDI, a experiencia de uso é pouco satisfactoria, fallan os sensores táctiles.
Aula 4º5º6º Primaria	Notebook Acer (educación en digital EED-GA-2021-1)), proxector Epson EB-570 (XUGA 2015 EXP 102/2015 247417), PDI Multiclass Board (248036).	A través de cable RJ45 e wifi.	É necesario un ordenador axeitado de aula e a actualización da PDI. Será aula EDIXGAL o vindeiro curso.
Aula de 1º de ESO	Ordenador de sobremesa HP Prodesk Core i5 (EXP 34/2016), monitor HP elite display 22, proxector Epson EB-570 (XUGA 2015 EXP 102/2015 247417) e PDI Multiclass board.	A través de cable RJ45 e wifi.	Será aula EDIXGAL o vindeiro curso. É necesario substituir o equipo de sobremesa por outro portátil.
Aula de 2º de ESO	Ordenador portátil IBM L540 i5 (EXP 102/2015), proxector Epson EB-570 (XUGA 2015 EXP 102/2015 247417), PDI Multiclass Board (248036).	A través de cable RJ45 e wifi.	O funcionamento e estado de conservación é axeitado.
Aula de 3º de ESO	Ordenador portátil IBM L540 i5 (EXP 102/2015), proxector Epson EB-570 (XUGA 2015 EXP 102/2015	A través de cable RJ45 e wifi.	O funcionamento e estado de conservación é axeitado.

Ubicación	Infraestutura	Conectividade	Estado de conservación
	247417), PDI Multiclass Board (248036).		
Aula de 4º de ESO	Ordenador portátil IBM L540 i5 (EXP 102/2015), proyector Epson EB-570 (XUGA 2015 EXP 102/2015 247417), PDI Multiclass Board (248036).	A través de cable RJ45 e wifi.	O funcionamento e estado de conservación é axeitado.
Aula de Inglés	Ordenador de sobremesa clónico Phoenix AMD A series, monitor Samsung syncmaster 713BM, proyector EMP-83H (XUGA 2008 EXP 247417) e PDI Smartboard (RED.es 39104/GR/PZ/GR).	A través de cable RJ45 e wifi.	Sería necesaria corto-medio prazo a actualización do equipo de sobremesa.
Sala de profesorado	2 ordenadores de sobremesa clónicos, con procesador AMD A4-5300 e monitores Dell de 14 pulgadas, ambos conectados en rede á fotocopidora.	A través de cable RJ45 e wifi.	A pesares de ser ordenadores de consulta, non de traballo continuado, sería axeitado a actualización dos equipos a medio prazo, especialmente os monitores.
Biblioteca	3 Ordenadores de sobremesa clónicos con procesador Intel Core 2 e monitores CRT Samsung Syncmaster753s.	A través de cable RJ45.	Os equipamentos da biblioteca están obsoletos, quedando o seu uso reducido a catalogación de libros, búsqueda de información e xogos básicos para o alumnado.
Aula de AL	Ordenador portátil HP 15 pulgadas con	A través de cable RJ45 e wifi.	O equipo funciona correctamente. Non hai PDI nesta aula

Ubicación	Infraestutura	Conectividad	Estado de conservación
	procesador Core i3 e disco SSD.		
Aula de PT	Ordenador portátil Hacer Travelmate TM8571-732G16Mn con procesador Core 2 Duo (XUGA 2010 EXP ED-06/10SU 247052).	A través de cable RJ45 e wifi.	O ordenador está obsoleto. Non hai PDI.
Departamento de Orientación	Ordenador de sobremesa clónico Phoenix AMD A series e monitor Dell.	A través de cable RJ45 e wifi.	O ordenador está obsoleto.
Aula de Informática	16 equipos HP Prodesk Core i5 e monitores HP elite display 22 (EXP 34/2016). Proxector Epson (EMP-83H 39204/AA/PU/AA).	A través de cable RJ45.	Recentemente actualizados coa maqueta Abalar. Funcionan correctamente.
Outro equipamento	4 tablets Samsung Galaxy Tab s6 Lite.	A través de wifi.	Mercadas no curso 21-22.

Na actualidade estamos a usar e actualizar constantemente a páxina web do centro, a Aula virtual e Abalar móbil. Para o curso 22-23 comezaremos a implantación progresiva do Proxecto EDIXGAL.

A xestión, actualización e administración do equipamento é responsabilidade do Coordinador TIC, coa asesoramento puntual do coordinador Abalar de zona, de empresas externas, a UAC e de AMTEGA.

2.2 Fontes empregadas para a análise DAFO

Resumo do SELFIE

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	3.7	3.7			
	Profesorado	4.1				
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	2.7	2.7			
	Profesorado	3.9	3.9			
	Alumnado	4.1	4.1			

C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3.8	3.8		
	Profesorado	4.1	4.1		
	Alumnado	3.8	3.8		
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	4.7	4.7		
	Profesorado	3.8	3.8		
	Alumnado				
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	4	4		
	Profesorado	4.6	4.6		
	Alumnado				
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3.6	3.6		
	Profesorado	4.2	4.2		
	Alumnado	3.6	3.6		
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	3.3	3.3		
	Profesorado	3.8	3.8		
	Alumnado				
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3.7	3.7		
	Profesorado	3.4	3.4		
	Alumnado	4	4		

Resumo do TEST CDD

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	4	6	66,7
PROVISIONAL	4	4	100%
INTERINO	4	4	100%
SUBSTITUTO	1	2	50%
DESRAZADO			

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
81,5	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
INF	68	Integrador/a (B1)	68,2	Integrador/a (B1)
ESO	79	Integrador/a (B1)	79,2	Integrador/a (B1)
PRI	93,3	Integrador/a (B1)	77	Integrador/a (B1)

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1		
A2	5	38,5%
B1	6	46,1%
B2		
C1	2	15,4

C2		
TOTAL	13	100%

2.3. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<p>Temos a nosa disposición contornas de aprendizaxe, recursos educativos e ferramentas corporativas de utilidade.</p> <p>A asistencia técnica da que dispoñemos é axeitada.</p>	<p>Os dispositivos dixitais non son os axeitados ou son mellorables e necesitan actualizarse.</p> <p>A infraestrutura dixital para o ensino é deficitaria.</p>
	PERSOAL DOCENTE	<p>Hai unha conciencia de mellora na utilización das TIC.</p> <p>A participación do profesorado en programas de desenvolvemento da competencia dixital.</p> <p>O uso de contornas dixitais como a Aula Virtual e a páxina web do centro.</p>	<p>Ausencia de horario para atender as demandas tecnolóxicas do centro.</p> <p>Competencia dixital insuficiente.</p>
	PERSOAL NON DOCENTE		Non teñen conta específica para o acceso á rede wifi do centro.
	ALUMNADO	<p>Alumnado matriculado reducido.</p> <p>O alumnado recibe formación específica para ter un comportamento responsable e seguro na rede.</p>	<p>Descoñecemento no uso de software básico.</p> <p>Problemas para ter acceso a medios dixitais, especialmente ordenadores.</p>
	FAMILIAS	Disponibilidade de dispositivos móbiles	<p>Falta de ordenadores.</p> <p>Rede a internet pouco axeitada.</p>
	OFERTA	<p>Transporte escolar.</p> <p>Erasmus +.</p>	
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	<p>Apoio do equipo directivo ás actividades de innovación educativa.</p> <p>Hay unha estratexia dixital marcada e en pleno desenvolvemento.</p>	
EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA		<p>Equipamentos mellorables e insuficientes.</p> <p>Burocracia sen xustificación clara.</p>

CATEGORÍAS	LEXISLACIÓN		Nova lei educativa e adaptación aos cambios normativos.
	CONTORNA	Colaboración con outros centros educativos, concello e asociacións.	
	ANPA	Implicación no desenvolvemento dixital do centro.	
	OUTRAS ENTIDADES	Pertencer a redes como RAOGAL ou o Plan Director.	

3. Plan de Acción

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Área/s de mellora: Competencias dixitais do alumnado (H)						
OBXECTIVO 1: (1)	Acadar que o 100% da comunidade educativa use a aplicación Abalar				Acadado	
Responsable:	Director do centro				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	1.1.- Porcentaxe de familias que len as mensaxes enviadas por Abalar 1.2.- Porcentaxe de profesorado do centro utiliza Abalar para comunicarse coas familias					
Valor de partida: (3)	1.1.- 25% 1.2.- 25%					
Valor previsto e data: (4)	1.1.- 100% 1.2.- 100%			30 de Novembro de 2022		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Trasladar ás familias e ao profesorado a importancia de usar este medio de comunicación	Director	29 Xuño 2022	-		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Poñer un enlace de como se usa a aplicación (manual sinxelo) na web do centro	-Director -Equipo web	29 Xuño 2022	-Ordenador -Conexión a internet		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Trasladar ao claustro e ás familias a necesidade do uso de Abalar	Equipo directivo	5 de Setembro 2022	-		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: Competencias dixitais do alumnado (H)							
OBXECTIVO 2: (1)	Conseguir un nivel mínimo de uso dos ordenadores por parte do alumnado				Acadado		
Responsable:	Xefe de estudos				Non acadado		
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	2.1.- Porcentaxe de alumnado manexa os principais procesadores de texto (Word, power point, excel, pdf...) 2.2.- Porcentaxe de alumnado que ten un uso axeitado de internet en relación á súa idade (achegar arquivos, uso de navegador, busca de información...) 2.3.- Porcentaxe de alumnado que ten un nivel de uso de Linux axeitado ás súas características e idade						
Valor de partida: (3)	2.1.- (35%) 2.2.- (35%) 2.3.- (25%)						
Valor previsto e data: (4)	2.1.- (100%) 2.2.- (100%) 2.3.- (100%)				30 de xuño de 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)		ESTADO (10)	
AO2.1: Adicar tempo dende cada materia ao uso dos procesadores de texto, solicitando traballos e probas en soportes dixitais concretos	Mestre de cada materia	30 de xuño de 2023	-Ordenadores -Conexión a internet			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO2.2: Solicitar ao alumnado a presentar traballos a través do correo electrónico	Mestre de cada materia	30 de xuño de 2023	-Ordenadores -Conexión a internet			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO2.3: Adicar tempo nas titorías ao manexo do novo sistema operativo	Titores	30 de xuño de 2023	-Ordenadores -Conexión a internet			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	

Área/s de mellora: Colaboración e redes (B)						
OBXECTIVO 3: (1)	Mellorar a competencia no uso de software básico asociado a EDIXGAL				Acadado	
Responsable:	Coordinador TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Porcentaxe de tarefas que se entregan con software asociado a EDIXGAL					
Valor de partida: (3)	0%					
Valor previsto e data: (4)	100%			30 de xuño de 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO3.1: Fomentar o uso de ferramentas institucionais e facilitar tutoriais de uso.	Coordinador TIC e profesorado	30 de xuño 2023	-Ordenadores -Conexión a internet -Aula virtual -EVA		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

AO3.2: Incentivar o uso das TIC nas tarefas de participación interna	Profesorado	30 de xuño de 2023	-Ordenadores -Conexión a internet -Aula virtual -CFR/CAFI		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.3: Crear espazos de colaboración en rede onde o profesorado poda desenvolver proxectos docentes	Equipo TIC	30 de xuño de 2023	-Ordenadores -Conexión a internet -Aula virtual -Webex		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.4: Usar eficiente das ferramentas TIC propostas	Profesorado	30 de xuño de 2023	-Ordenadores -Conexión a internet -Aula virtual -CFR/CAFI		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.5: Apoiar ao claustro no uso das tecnoloxías dixitais	Profesorado	30 de xuño de 2023	-Ordenadores -Conexión a internet -Reunión semanal		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: Liderado (A)						
OBXECTIVO 4: (1)	Conseguir que o equipo TIC teña algunha/s hora/s no seu horario adicadas ao Mantemento dos Ordenadores do Centro (MOC)				Acadado	
Responsable:	Equipo directivo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	A coordinación TIC ten polo menos unha hora adicada ao MOC					
Valor de partida: (3)	0 horas					
Valor previsto e data: (4)	1 hora			1 de Setembro 2022		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO5.1: Diseñar un horario para que o equipo TIC poda ter unha/s sesión/s adicada/s ao mantemento dos ordenadores do centro (MOC)	-Xefatura de estudos	1 de Setembro 2022	-Docentes suficientes		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO5.2: Solicitar á inspección a aprobación de ditos horarios resaltando a importancia destas horas para o funcionamento do centro	-Equipo directivo	1 de Setembro 2022	-Ordenadores -Conexión a internet -Teléfono		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO5.3: Levar un rexistro mensual (memoria) das accións levadas a cabo polo equipo TIC nestas sesións adicadas a MOC	-Equipo TIC	1 de Setembro 2022	-Ordenadores -Conexión a internet -Libro de actas		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

3.2 Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

As necesidades de equipamento son:

- Un ordenador de sobremesa e un monitor para a oficina de administración. O equipo actual está obsoleto. Especial interese ten monitor, ao tratarse dun elemento básico para una persoa que está máis de 5 horas ao día traballando con el.
- Dúas Pantallas Dixitais Interactivas (SMART Board MX 65" V3 ou similar) para as aulas de Primaria ou no seu defecto renovar as PDI existentes. A experiencia de uso das actuais é moi deficiente.
- Un ordenador portátil actualizado para a aula de 4º,5º e 6º, na que se desenvolverá o proxecto EDIXGAL.
- Un ordenador de sobremesa con pantalla ou portátil actualizado para a aula de Pedagogía Terapéutica.
- Un ordenador de sobremesa con pantalla ou portátil para a aula de Inglés.
- Un ordenador de sobremesa con pantalla ou portátil para o Departamento de Orientación.
- Dous ordenadores de sobremesa con pantalla para a sala de profesorado.
- Un proyector para a biblioteca.

No tocante a servizos educativos dixitais, valorarase, segundo as necesidades, a petición de PFPP asociados.

4. Avaliación do plan

4.1 . Seguimento do Plan de Acción

No tocante á avaliación do plan, as reunións do equipo que forma parte do plan Dixital do centro serán trimestrais, onde se valorarán aspectos como o desenvolvemento e a consecución dos obxectivos propostos inicialmente no apartado 3.1, a análise dos resultados de ferramentas, tales como a enquisa SELFIE ou a análise DAFO, marcados no apartado 2.3 e a concreción dos obxectivos personalizados ó noso centro, a partires dos resultados das mesmas ferramentas.

Os procedementos para avaliar o noso plan serán os indicadores de logro marcados nas táboas previamente elaboradas no apartado 3, onde se define cada obxectivo e se engade o indicador, marcado como "Acadado" ou "Non acadado", segundo se desenvolvese o obxectivo proposto.

Como o carácter desta avaliación é modificable e autoavaliabile, as propostas de mellora, o estado da execución das accións definidas polo centro e a resolución de erros, son outros dos aspectos a valorar nas reunións trimestrais de avaliación do plan, sendo modificados ou mellorados polo equipo cando sexa preciso, ou cando os obxectivos non fosen acadados.

Por último, a avaliación final e as reunións para levala a cabo serán anuais e valorarase o logro dos obxectivos e fixaranse as propostas de mellora do plan.

4.2 Propostas de mellora

As áreas de mellora do Plan xiran en torno a optimizar a colaboración e redes no alumnado, a adquisición e actualización de infraestruturas e equipos, as prácticas de avaliación tanto no profesorado como no alumnado e aumentar a competencia dixital.

5. Difusión do plan

Para a difusión do Plan Dixital entre toda a comunidade educativa, elaboramos un plan estratéxico de publicidade entre toda a comunidade educativa, que se baseará nos seguintes puntos de actuación (non se teñen que realizar necesariamente no orde que aparecen a continuación):

- Trasladarase toda a información necesaria respecto ao plan dixital ao claustro de profesores e profesoras, no vindeiro claustro e CCP de fin de curso cun punto específico sobre dito plan.
- Porase en coñecemento das familias do centro o presente documento, a través das canles oficiais (Abalar e web oficial do centro). Na web, en concreto, crearase un aviso específico o día da publicación e a maiores un apartado específico na propia web para maior facilidade no caso de querer consultar o documento.
- A maiores, na reunión de familias de fin de curso, explicaranse brevemente as principais actuacións do presente documento de cara ao funcionamento do centro e a relación co PE e PXA de cara aos vindeiros cursos.
- Imprimirase unha copia do PD, que quedará na sala de profesorado, para que todo o profesorado e persoal non docente teña acceso a ela; así como haberá outra en secretaría por si algunha familia quere realizar algunha consulta.
- En setembro, no claustro de inicio de curso 2022-2023 haberá un punto da reunión adicado ao PD para trasladar toda a información relevante ao novo claustro.
- Do mesmo xeito, na posterior reunión de familias do vindeiro curso, farase o mesmo que o mencionado no punto anterior.